

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE FAN PÚBLICAS AS LISTAXES DEFINITIVAS DE PERSOAS ADMITIDAS, DE AGARDA E EXCLUÍDAS DAS ESCOLAS DEPENDENTES DESTA ENTIDADE PARA O CURSO 2016-2017.

O artigo 7C) do Regulamento de réxime Interior das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio establece que é de competencia dos Consellos escolares a aprobación da adxudicación de prazas.

Naqueles concellos onde se oferten prazas en máis dunha escola, será a Comisión de baremación intercentros a que proceda á aprobación da adxudicación de prazas, segundo determina o artigo 8.B) do Regulamento

Por todo o exposto, e en virtude da competencia que me confire o artigo 18 do Regulamento de réxime interior, RESOLVO

1. Facer públicas as listaxes definitivas de persoas admitidas, de agarda e excluídas das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o curso escolar 2016-2017, por tramos de idade e orde de puntuación, segundo o anexo I desta resolución.
2. Establecer o prazo de matrícula do 19 ao 31 de xaneiro, ambos os dous incluídos. A matrícula formalizarase presencialmente na escola infantil en horario que así determine o centro.
3. A non formalización da matrícula no prazo sinalado implicará ter por decaída a solicitude, de conformidade co previsto no artigo 14.3 da resolución da Xerencia de data 17.02.2016 pola que se convoca o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís dependentes desta entidade para o curso 2016/2017.

Santiago de Compostela a 18 de xaneiro de 2017



**CONSORCIO  
GALEGO**  
de Servizos de Igualdade e Benestar  
XERENCIA

Perfecto Rodríguez Muíños  
Xerente do Consorcio Galego  
de Servizos de Igualdade e Benestar